

Sábados libres

Aproveita o horario de convenio

Por fin chegaron. Grazas ao convenio colectivo negociado polos sindicatos, durante os mellores seis meses do ano traballamos **35 horas semanais e só pola mañá.**

Un dos mellores horarios do mundo, pero só de se cumprir.

Hai unha chea de formas de malgastar o tempo, pero unha das máis tristes é facer horas extras para unha sociedade anónima sen recibir compensación.

Talvez creas que a retribución extra-convenio compénsache.

En primeiro lugar, parte dela depende dos resultados, e non só dos teus resultados. ¿Estás conforme coa forma de marcar os obxectivos que ten a alta dirección do Banco Sabadell?

Outra parte cóbrase mensualmente. ¿Estás conforme coa túa categoría laboral de convenio? A inmensa maioría dos traballadores con retribucións extra-convenio teñen recoñecida unha categoría moi por baixo da que deberían ter polas súas funcións e responsabilidades.


Non contribúas a manter esta situación. Unha situación que só beneficia a alta dirección con soldos astronómicos e subas anuais ofensivas. A última “perla” é o plan de incentivos polo que 287 directivos van repartirse 6.000.000 de dereitos sobre accións (SAR). Iso si, 650.000 para o presidente e 500.000 para o conselleiro delegado, que aínda hai clases.

Cumpre ao 100% coas túas obrigas de acordo co convenio e goza do teu tempo libre. A túa familia, os teus amigos agradecerancho sempre, e, o máis importante, ti tamén.

Felices tardes e felices sábados.

Abril do 2007

Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > <http://bs.comfia.net>

Boletín de afiliación	Enviar a ➔	0901 – 0105 CC.OO.	Sinatura	
Nome _____	Ofi.: _____			
Domicilio _____				
Poboación _____	C.P.: _____			
Cta. de cargo _____			DNI _____	Data / / _____
<small>Quedo informado de que os datos persoais que facilito para a xestión solicitada se incorporarán a un ficheiro automatizado de datos de carácter persoal para uso interno baixo responsabilidade de CC.OO.; de que podo exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dos datos que constan no dito ficheiro nos termos previstos na LOPD 15/99 e demais normativa complementaria a través das sedes de CC.OO., e, por tanto, dou a miña conformidade á recollida de datos, así como á cesión para a indicada finalidade que poida realizar CC.OO. nos termos previstos na devandita Lei.</small>				